

## ***Escola entre Sombras***

Na vila hai nenos que chegan  
con mochilas gastadas,  
e outros con todo novo,  
coma se o futuro xa viñese preparado.

Na aula mestúranse as voces,  
pero non sempre as oportunidades:  
uns teñen libros e axuda na casa,  
outros loitan por seguir o ritmo  
cando a vida vai máis pesada ca eles.

O mestre intenta facer ponte,  
dar luz onde falta,  
e que cada neno atope sitio  
sen que a pobreza marque o camiño.

Galicia debería ser escola aberta,  
onde todos poidan aprender  
sen medo nin diferenzas.  
Un lugar onde o saber  
sexan ás para todos,  
non só para quen pode pagalas.

Álvaro Cobas Iglesias 4A IES Lucus Augusti